

NOME: A primeira globalización

REFERENCIA: 00008

NÚMERO PARTICIPANTES:

IDADES: +12

ESPAZO

Espazo para representar

MATERIAIS

8 tarxetas con frases

DURACIÓN (TEMPOS APROXIMADOS)

15´

3´ Introducción

6´ Presentacións primeiro grupo

6´ Presentacións segundo grupo

O GALEGO CAMPA!

Dinamización lingüística nos campamentos de verán

www.lingua.gal

www.xuventude.net

DESCRICIÓN

Xogo de comunicación non verbal. Os participantes deben facer comprender unha frase sen utilizar un idioma coñecido. A actividade representa o tempo en que a lingua galega comezou a viaxar polos sete mares. Representa o momento en que os primeiros navegadores das coroas de Castela e Portugal tomaron contacto por vez primeira con tribos e linguas africanas e amerindias.

Dividir o grupo en dous: uns observan e outros actúan. Logo trocan.

O grupo que actúa divídese en dous: nativos africanos ou americanos e exploradores europeos.

Frases escritas nas tarxetas deben ser comunicadas entre navegadores e nativos.

CONTIDOS EDUCATIVOS

Permite dar a coñecer elementos históricos que favorecen a autoestima cara á lingua, de maneira transversal.

Permite distensión e creatividade expresiva e teatral.

Permite explorar a diversidade de linguaxes.

PRETEXTO CONTEXTO

“Todos sodes hoxe navegantes, navegantes informáticos que aprendedes palabras en inglés. Mais houbo un tempo en que os navegantes eran de onda e salitre, de vento nas velas e leme no mar. Houbo un tempo en que o planeta non se coñecía e houbo que exploralo por primeira vez.

E Galicia, capitana do Atlántico norte, deu máis mariñeiros ca ninguén para a descuberta e exploración do que hoxe chamamos África, América, India, Oceanía... e que noutros tempos lle chamaron as Indias. Mariñeiros de lingua galega moveron os barcos das coroas castelá e portuguesa na descuberta dos mares. Cando o portugués era igual ca o galego, chegou a todos os confíns do

O GALEGO CAMPA!

Dinamización lingüística nos campamentos de verán

www.lingua.gal

www.xuventude.net

mundo. O galego foi a primeira lingua globalizada, pois dende a descuberta dos mares ata hoxe mesmo é lingua internacional de mariñeiros...

Mais antes de que isto fose así -de que fose fácil moverte por calquera porto do mundo falando en galego- pasaron moitas cousas e houbo moitos encontros interculturais ata que puideron comprenderse perfectamente os idiomas.

O que imos agora representar é a instantánea deses primeiros encontros entre mariñeiros de entre a Guarda e Malpica chegando por primeira vez a América ou África.

Sen utilizar ningunha lingua común, navegadores e nativos deberán ser quen de entenderse”.

MATERIAL ANEXO

Tarxetas:

NATIV@S

-En Portugal hai monos?

-Non bebedes desa auga, que dá cagarría

-O noso tesouro é a Natureza

-Por que te enfadas tanto?

EUROPE@S

-Navegando máis cara ao sur, hai monstros?

-Vimos de Portugal e traemos a palabra de Cristo.

-Os Reis Católicos preguntan se tedes alma

-Onde están os tesouros agochados?

O GALEGO CAMPA!

Dinamización lingüística nos campamentos de verán

www.lingua.gal

www.xuventude.net